

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION EXTRAORDINARIA DO 2 DE MARZO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Mariño, Ventura
Couto Pérez, José Manuel	Polo Lima, María Soledad
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

NON ASISTE:

Fernández Davila, María Olaia

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e catro minutos do día dous de marzo do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Fernández Davila. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (74).- SUSPENSIÓN DE LICENCIAS DE PARCELACIÓN DE TERREOS, EDIFICACIÓN E DEMOLICIÓN PARA ÁREAS DETERMINADAS NA REVISIÓN DO PXOM.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 23 de febreiro de 2004, o xerente de Urbanismo informa do que segue:

"Tal e como se recolle na proposta do 23 de febreiro de 2004, remitida a este Xerente de Urbanismo, pola oficina do Plan Xeral municipal "No proceso de elaboración do Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo, parece chegado o momento de adoptar medidas que permitan asegurar que algunhas das determinacións, previstas no mesmo, non se vexan impedidas como consecuencia do desenvolvemento tradicional do planeamento vixente, por coincidir previsións de sistemas xerais sobre zonas que actualmente están clasificadas como solo urbano consolidado e, polo tanto, de posible desenvolvemento mediante a concesión directa de licencias.

Por outra parte, dado o coñecemento que existe das determinacións dos documentos do Plan Xeral, por outra parte provisionais, pode producirse un incremento de solicitude de licencias que podería poñer en perigo ou dificulta-la consecución de obxectivos fundamentais que se persiguen para a coherencia do planeamento e o beneficio que o mesmo persigue para a cidadanía viguesa.

En consecuencia, e en aplicación do disposto no artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, delimitáronse os ámbitos sobre os cales se deben de suspende-las licencias por afectar, básicamente, a sistemas xerais previstos no Plan Xeral pendente de aprobación.

A delimitación dos ámbitos, todos de zonas de Solo Urbano Consolidado do Plan Xeral vixente, realizouse definindo zonas ou cuarteiróns concretos que se identifican, por delimitación, nunha serie de planos formada por cincuenta e cinco follas, e numeradas correlativamente dentro de cada un. A documentación complétase cunha relación dos ditos ámbitos relacionados segundo o número de folla, a ordenanza de aplicación actual e o núcleo ó que pertence, salvo o Vigo centro, seguindo a nomenclatura vixente para cada un dos ditos núcleos."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- De acordo co devandito artigo 77 da LOUGA, os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acorda-la suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados a fin de estudia-la súa formación ou reforma.

II.- A suspensión de licencias que se propón ten lugar con ocasión da elaboración do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, polo que, de conformidade co artigo 123.1.i) LRBRL, é competente para acordala o Concello-Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros do Pleno (artigo 123.2 LRBRL)

III.- A suspensión de licencias proposta xustifícase cumpridamente nos antecedentes deste acordo e os ámbitos de suspensión delimitáanse adecuadamente na documentación e planos que se achegan e consideran parte integrante do presente acordo.

IV.- O acordo de suspensión de licencias haberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia."

Por todo o exposto o Xerente de Urbanismo formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 26 de febreiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

Con data 1 de marzo de 2004, o Secretario do Pleno emite o seguinte informe:

"O art. 771. da LOUGA textualmente indica:

"Os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acadar a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma.

O devandito acordo deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia."

Por outra banda o artigo 123.2 da LRBRL advirte que se requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para os acordos que corresponda adoptar ó Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

A suspensión de licencias se incardina dentro dos actos de preparación e elaboración dos instrumentos de ordenación urbanística, é dicir, dentro do que pode denominarse tramitación ou instrucción do expediente administrativo para a aprobación dos distintos instrumentos urbanísticos, polo que referíndose ó que é obxecto de informe o planeamento xeral e sendo o Pleno o órgano municipal competente para a adopción deste acordo de tramitación, debe entenderse que o mesmo require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

No expediente, para maior seguridade xurídica, constarán relacionados e identificados nos correspondentes planos os ámbitos sobre os que operará a suspensión de licencias, suspensión que non poderá ter unha duración

superior a un ano a non ser que durante este período se obteña a aprobación inicial do documento en cuio caso a suspensión terá efectos durante un ano máis."

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Proceder á suspensión cautelar do outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición nas áreas que se relacionan no documento anexo e se grafian nos planos numerados do 1 ó 55 a escala 1:2000; documentos ambos, relación e planos, que como anexos 1 e 2, incorpóranse a este acordo como parte integrante do mesmo.

Segundo.- Publíquese o presente acordo no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

ANEXO 1

RELACIÓN DE ÁMBITOS AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN DE LICENCIAS PAR A ELABORACIÓN DO NOVO PXOM

Nº FOLLA	ORDENANZA	NÚCLEO
FOLLA 1		
ÁMBITO 1	1.3.B	17-05/PADÍN/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	17-05/PADÍN/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	17-06/ARNELA/A/SUNP/PAU/1
FOLLA 2		
ÁMBITO 1	1.3.B e 3.3	
ÁMBITO 2	1.3.B	
ÁMBITO 3	3.3	
ÁMBITO 4	1.3.D	
ÁMBITO 5	1.3.B, 1.3.D, 2.2.E e 4.2	
ÁMBITO 6	1.2.B e 1.3.D	
ÁMBITO 7	1.3.D	
ÁMBITO 8	1.3.D	
ÁMBITO 9	1.3.F	
ÁMBITO 10	2.2D	
ÁMBITO 11	1.1.B, 1.3.B e 1.3.F	
ÁMBITO 12	1.3.F e 3.1.A	
ÁMBITO 13	1.1.B	
ÁMBITO 14	1.1.B e 3.1.A	
ÁMBITO 15	1.1.B	
ÁMBITO 16	1.3.B	
ÁMBITO 17	1.3.B, 1.3.F e 3.1.A	

ÁMBITO 18	1.3.D	
ÁMBITO 19	1.2.B	
ÁMBITO 20	1.3.A	
ÁMBITO 21	1.3.A	
ÁMBITO 22	1.3.A	
ÁMBITO 23	2.2.E	
ÁMBITO 24	1.1.B e 1.2.B	
ÁMBITO 25	1.1.B, 1.2.B e 3.1	
ÁMBITO 26	3.3	
ÁMBITO 27	1.2.C	
ÁMBITO 28	1.3.E	
ÁMBITO 29	1.3.C	BUENOS AIRES SU/ED/V-02
ÁMBITO 30	1.3.E	
FOLLA 3		
ÁMBITO 1	1.3.B	17-06/ARNELA/A 17-06/ARNELA/A/SUNP/PAU/1
ÁMBITO 2	1.3.B	17-05/PADIN/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	17-06/ARNELA/A
ÁMBITO 4	1.3.B	17-05/PADIN/C/SNU
ÁMBITO 5	1.3.B	17-06/ARNELA/A
ÁMBITO 6	1.3.B	17-05/PADIN/C/SNU
ÁMBITO 7	1.3.B	17-06/ARNELA/A
ÁMBITO 8	1.3.E	17-06/ARNELA/A
ÁMBITO 9	1.2.B e 1.3.A	PARADELA 1/A/SU/PERI/5
ÁMBITO 10	1.3.D	PARADELA 1/A/SU/PERI/5
ÁMBITO 11	1.3.F e 3.1.A	
ÁMBITO 12	1.3.B, 1.3.F e 3.1.A	
ÁMBITO 13		A.V. GALICIA/SU/UE/V-03
ÁMBITO 14	1.3.A	
ÁMBITO 15	1.3.B	RORIS/SU/PEMIE/V-01
FOLLA 4		
ÁMBITO 1	1.3.E	
ÁMBITO 2	1.3.E	
ÁMBITO 3	2.2.E	
ÁMBITO 4	1.2.C	
ÁMBITO 5	1.2.C e 1.3.D	
ÁMBITO 6	1.2.C	
ÁMBITO 7	1.2.C	
ÁMBITO 8	1.2.C	
ÁMBITO 9	1.3.B, 3.1.A e 3.3	
ÁMBITO 10	1.2.C	
ÁMBITO 11	3.3	
ÁMBITO 12	1.3.B	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 13	1.3.B	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 14	1.2.B	
ÁMBITO 15	1.3.B	SAN XOAN/SU/PEMIE/IV-02
FOLLA 5		

ÁMBITO 1	1.3.B	RORIS/SU/PEMIE/V-01
ÁMBITO 2	1.3.B e 3.1.A 1.3.B e 3.3	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01 RORIS/SU/PEMIE/V-01
ÁMBITO 3	1.3.B	RORIS/SU/PEMIE/V-01
ÁMBITO 4	1.3.B	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 5	1.3.B	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 6	1.3.C	14-03/FIGUEIRO 1/A
ÁMBITO 7	1.3.B e 3.1.B.b	09-01/COLINA/C/SNU
ÁMBITO 8	1.3.B	09-01/COLINA/C/SNU
FOLLA 6		
ÁMBITO 1	1.3.B	
ÁMBITO 2		RABADEIRA 2/A/SU/UA/4
FOLLA 7		
ÁMBITO 1	1.1.B	
ÁMBITO 2	1.2.B e 3.1	
ÁMBITO 3	1.2.B	
ÁMBITO 4	1.2.C	
ÁMBITO 5	1.2.C	COLOMBIA/SU/ED/IV-11
ÁMBITO 6		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 7		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 8		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
FOLLA 8		
ÁMBITO 1	1.2.B	
ÁMBITO 2	1.3.B	SAN XOAN/SU/PEMIE/IV-02
ÁMBITO 3	1.1.B	
ÁMBITO 4	1.2.B e 3.1	
ÁMBITO 5	1.3.B, 2.2.D e 4.5	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 6	1.1.B e 1.2.C	
ÁMBITO 7	1.1.A e 1.2.B	
ÁMBITO 8	1.3.D	
ÁMBITO 9	1.3.B	SAMPAIO/SU/PEMIE/IV-01
ÁMBITO 10	1.2.C	COLOMBIA/SU/ED/IV-11
ÁMBITO 11	1.1.C	
ÁMBITO 12	1.1.C	
FOLLA 9		
ÁMBITO 1	1.3.B e 3.1.B.b	09-01/COLINA/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	09-01/COLINA/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	09-01/COLINA/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 5	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 6	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 7	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 8	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 9	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 10	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
FOLLA 10		
ÁMBITO 1	3.1.B.b	05-08/CODESIDE/D/SUNP/PAU/4

ÁMBITO 2	3.1.B.b	05-08/CODESIDE/D/SUNP/PAU/4
ÁMBITO 3	1.3.B	05-08/CODESIDE/D/SUNP/PAU/4
ÁMBITO 4	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 5	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 6	1.3.B	05-06/PARACHAN/D
ÁMBITO7	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 8	1.3.B	05-04/FONTEOSCURA/A
ÁMBITO 9	1.3.B	05-05/CEREIRO 1/A
ÁMBITO 10	1.3.B	05-05/CEREIRO 1/A
ÁMBITO 11	1.3.B	05-05/CEREIRO 1/A
ÁMBITO 12	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 13	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
FOLLA 11		
ÁMBITO 1	1.3.B	04-06/RINXELA 1/C
ÁMBITO 2	3.1.A.a	04-26/RINXELA 2/B/SNUP/PAU/9
FOLLA 12		
ÁMBITO 1	1.3.B e 3.1.B.b	04-10/AMEAL/C/SNU
FOLLA 13		
ÁMBITO 1	1.3.A	01-02/CARREGAL/C
FOLLA 14		
ÁMBITO 1	1.1.B	
ÁMBITO 2	1.3.E	
ÁMBITO 3	1.3.A	
ÁMBITO 4	1.3.A	01-02/CARREGAL/C
ÁMBITO 5	2.2.D.a	01-02/CARREGAL/C
ÁMBITO6	1.3.D	
FOLLA 15		
ÁMBITO 1	2.2.A	
ÁMBITO 2		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 3	2.2.A	
ÁMBITO 4	1.1.B	
ÁMBITO 5	2.2.A	
ÁMBITO 6		SAN GREGORIO/SU/PERI/II-02
ÁMBITO 7		SAN GREGORIO/SU/PERI/II-02
ÁMBITO 8	2.2.A	
ÁMBITO 9	2.2.A	
ÁMBITO 10	2.2.D	
FOLLA 16		
ÁMBITO 1		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 2		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 3		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 4		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 5		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 6		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 7		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 8	3.1 e 3.1.A	

ÁMBITO 9	1.3.F	
ÁMBITO 10		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 11		ATALAYA-CASTRO/SU/PERI/I-07
ÁMBITO 12	3.1.A	
ÁMBITO 13	1.3.F	
ÁMBITO 14	1.3.D	
ÁMBITO 15	1.2.B	
ÁMBITO 16	1.2.B	
ÁMBITO 17		16-04/RAVISO 1/A/SU/PERI/3
FOLLA 17		
ÁMBITO 1	1.1.C	
ÁMBITO 2	1.1.C	
ÁMBITO 3		CALVARIO/SU/PERI/IV-04
ÁMBITO 4	1.3.B	
ÁMBITO 5	1.3.B	
ÁMBITO 6	1.3.B	
ÁMBITO 7	1.3.E	
ÁMBITO 8	1.3.B	
ÁMBITO 9		VALLE INCLAN/SU/PERI/IV-13
ÁMBITO 10		16-04/RAVISO 1/A/SU/PERI/3
ÁMBITO 11	2.2.D	
ÁMBITO 12	1.3.D	
FOLLA 18		
ÁMBITO 1	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 2	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 3	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 4	1.3.B e 1.3.F	09-04/COUTADA NOVA/A
ÁMBITO 5	1.3.F	
ÁMBITO 6	3.3 e 4.5	
ÁMBITO 7	1.3.B e 2.2.E	09-04/COUTADA NOVA/A
ÁMBITO 8	1.2.B	
ÁMBITO 9	1.3.B	09-11/BOUCIÑA/A
ÁMBITO 10	1.3.B e 2.2.D.a	09-10/SABAXANS/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	09-11/BOUCIÑA/A
ÁMBITO 12	1.3.B	09-11/BOUCIÑA/A
ÁMBITO 13	1.3.B	09-10/SABAXANS/C/SNU
ÁMBITO 14	1.3.B	09-10/SABAXANS/C/SNU
ÁMBITO 15	1.3.B	04-22/PENIS DE ABAIXO/A
ÁMBITO 16	1.3.B	09-10/SABAXANS/C/SNU 09-09/MEIXUEIRO/A
FOLLA 19		
ÁMBITO 1	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 2	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 3	1.3.B	09-03/BARREIRO/A
ÁMBITO 4	1.2.B	
ÁMBITO 5	1.3.B e 2.2.E	09-04/COUTADA NOVA/A
ÁMBITO 6	1.1.BC	
ÁMBITO 7	1.3.B	04-08/FEIRA/A
ÁMBITO 8	1.3.B	04-08/FEIRA/A
ÁMBITO 9	1.1.BC	04-21/PENIS DE ARRIBA/A

ÁMBITO 10	1.3.B	04-04/CASAL/A 04-19/FONTAINA/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	04-19/FONTAINA/C/SNU
ÁMBITO 12	1.1.B, 1.3.B e 1.3.F	04-22/PENIS DE ABAIXO/A
ÁMBITO 13	1.1.BC e 1.3.B	04-21/PENIS DE ARRIBA/A
ÁMBITO 14	1.3.B	04-04/CASAL/A
ÁMBITO 15	1.3.B	04-04/CASAL/A
ÁMBITO 16	1.3.A e 1.3.B 1.3.B	04-19/FONTAINA/C/SNU 04-04/CASAL/A
ÁMBITO 17	1.3.B	04-19/FONTAINA/C/SNU
ÁMBITO 18	1.3.B	04-04/CASAL/A
ÁMBITO 19	1.3.B	04-22/PENIS DE ABAIXO/A
ÁMBITO20	1.3.B e 1.3.F	04-22/PENIS DE ABAIXO/A
ÁMBITO 21	3.1.A.a	04-22/PENIS DE ABAIXO/A
ÁMBITO 22	1.3.B e 3.3 3.3	04-15/ALZA/A 04-15/ALZA/A/SUNP/PAU/4
ÁMBITO 23	1.3.B, 3.1.A.a e 3.3 1.3.B e 3.1.A.a	04-15/ALZA/A 04-13/FONTIÑAS 1/C/SNU
ÁMBITO 24	1.3.B	
ÁMBITO 25	1.3.B e 1.3.E	04-15/ALZA/A
ÁMBITO 26	1.3.B	04-04/CASAL/A
ÁMBITO 27	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
ÁMBITO 28	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
FOLLA 20		
ÁMBITO 1	1.3.B	04-11/PIVIDAL/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	04-11/PIVIDAL/C/SNU 04-18/NOGUEIRA/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	04-18/NOGUEIRA/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	04-18/NOGUEIRA/C/SNU
ÁMBITO 5	1.3.B	04-11/PIVIDAL/C/SNU
ÁMBITO 6	4.5	IGREXA/C/SU/UA/ 4
ÁMBITO 7	1.3.B	04-02/IGREXA/A
ÁMBITO 8	1.3.B	04-18/NOGUEIRA/C/SNU
ÁMBITO 9	3.3	04-02/IGREXA/A
ÁMBITO 10	1.3.B	04-29/CALVARIO-BORRALLIÑOS/C/SNU
FOLLA 21		
ÁMBITO 1	1.3.B	04-17/RANS/C/SNU
FOLLA 22		
ÁMBITO 1	1.3.A	01-02/CARREGAL/C
ÁMBITO 2	1.3.B	01-04/VIÑAGRANDE/C
ÁMBITO 3	1.3.B	01-04/VIÑAGRANDE/C
ÁMBITO 4	1.3.B	01-04/VIÑAGRANDE/C
FOLLA 23		
ÁMBITO 1	1.3.A	01-02/CARRREGAL/C
ÁMBITO 2	2.2.D.a	01-02/CARREGAL/C
ÁMBITO 3	1.3.D	
ÁMBITO 4	1.2.A	

FOLLA 24		
ÁMBITO 1	1.2.A	
FOLLA 25		
ÁMBITO 1		16-04/RAVISO 1/A/SU/PERI/3
ÁMBITO 2	1.3.B	16-02/RAVISO/A
ÁMBITO 3	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
FOLLA 26		
ÁMBITO 1		16-04/RAVISO 1/A/SU/PERI/3
ÁMBITO 2	2.2.D	
ÁMBITO 3		16-04/RAVISO 1/A/SU/PERI/3
ÁMBITO 4	2.2.B	
ÁMBITO 5	1.3.D	
ÁMBITO 6	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 7	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 8	1.3.B	
ÁMBITO 9	1.3.B	09-08/GANDARIÑA 1/C/SNU
ÁMBITO 10	1.3.B	09-08/GANDARIÑA 1/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	09-08/GANDARIÑA 1/C/SNU
ÁMBITO 12	1.3.B	03-01/SEGADE/C
ÁMBITO 13	1.3.B	16-10/MOLEDO/A
ÁMBITO 14	1.3.B	16-10/MOLEDO/A
ÁMBITO 15	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
FOLLA 27		
ÁMBITO 1	1.3.B	09-10/SABAXANS/C/SNU 09-09/MEIXUEIRO/A
ÁMBITO 2	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 5	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 6	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 7	3.3	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 8	1.3.B	09-07/NAIA 1/C/SNU
ÁMBITO 9	1.3.B	09-08/GANDARIÑA 1/C/SNU
ÁMBITO 10	3.3 e 4.5	
ÁMBITO 11	1.3.B	03-04/PARROCHA/C
FOLLA 28		
ÁMBITO 1	1.3.B	
ÁMBITO 2	1.3.B e 1.3.E	04-15/ALZA/A
ÁMBITO 3	1.3.B	04-04/CASAL/A
ÁMBITO 4	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
ÁMBITO 5	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
ÁMBITO 6	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
ÁMBITO 7		04-25/GORXAL/A/SU/PERI/1
ÁMBITO 8		04-25/GORXAL/A/SU/PERI/1
ÁMBITO 9		04-25/GORXAL/A/SU/PERI/1
ÁMBITO 10	3.3 e 4.5	

FOLLA 29		
ÁMBITO 1	3.3	04-02/IGREXA/A
ÁMBITO 2	1.3.B	04-29/CALVARIO-BORRALLIÑOS/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	04-01/BECERREIRA/A
ÁMBITO 4	3.3	04-23/LIÑEIRIÑOS/B/SUNP/PAU/5
ÁMBITO 5	1.3.C	04-01/BECERREIRA/A
FOLLA 30		
ÁMBITO 1	1.3.B	11-11/SAMIL 2/A
ÁMBITO 2	1.3.B	11-11/SAMIL 2/A
ÁMBITO 3	1.3.B	
ÁMBITO 4	1.3.B	11-11/SAMIL 2/A
ÁMBITO 5	1.3.B	
ÁMBITO 6	1.3.C	11-07/SAMIL 1/A
FOLLA 31		
ÁMBITO 1	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 2	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 3	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 4	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 5	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 6	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 7	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 8	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 9	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 10	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
FOLLA 32		
ÁMBITO 1	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 3	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 4	1.3.B	06-12/PAZO/C
ÁMBITO 5	1.3.B	06-04/MONTE DA SERRA/C/SNU
ÁMBITO 6	1.3.B	06-06/FALCOA/C/
ÁMBITO 7	1.3.B	06-03/PORTO LOUREIRO/C/SNU
ÁMBITO 8	1.3.B	PEMM 06-05/MONTE DA FALCOA
ÁMBITO 9	2.2D	PEMM 06-05/MONTE DA FALCOA
ÁMBITO 10	1.3.B	06-03/PORTO LOUREIRO/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	02-02/SAAD/D
FOLLA 33		
ÁMBITO 1	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	16-08/FRAGOSIÑO/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	02-03/BALDE/C/SNU
FOLLA 34		
ÁMBITO 1	1.3.B	03-04/PARROCHA/C 03-07/RECARÉ/B/SUNP/PAU/4
ÁMBITO 2	3.3 e 4.5	
ÁMBITO 3	1.3.B	03-04/PARROCHA/C
FOLLA35		

ÁMBITO 1	3.3. e 4.5	
FOLLA 36		
ÁMBITO 1	1.3.B	08-01/CARRASQUEIRA/D
ÁMBITO 2	1.3.B	08-01/CARRASQUEIRA/D
ÁMBITO 3	2.2.D	08-01/CARRASQUEIRA/D
ÁMBITO 4	1.3.A	08-01/CARRASQUEIRA/D
ÁMBITO 5	1.3.B	08-12/CARBALLAL/C
FOLLA 37		
ÁMBITO 1	1.3.C	11-07/SAMIL 1/A
ÁMBITO 2	1.3.C	08-12/CARBALLAL/C 08-17/CARRASQUEIRA 1/B/SUP/PP/1
ÁMBITO 3	1.3.B	07-05/COMESAÑA/C/SNU
ÁMBITO 4	3.1.A.a	07-05/COMESAÑA/C/SNU 07-04/RIAL/C
ÁMBITO 5	1.3.B	07-04/RIAL/C
ÁMBITO 6	1.3.C	08-12/CARBALLAL/C
ÁMBITO 7	1.3.B	08-12/CARBALLAL/C
ÁMBITO 8	1.3.B	07-04/RIAL/C
ÁMBITO 9	1.3.B	08-11/SAN LORENZO/C/SNU
FOLLA 38		
ÁMBITO 1	1.3.B	10-06/IGREXA/C
ÁMBITO 2	1.3.B	07-05/COMESAÑA/C/SNU
FOLLA 39		
ÁMBITO 1	1.3.B	10-07/ROUPEIRO/D
ÁMBITO 2	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 3	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 4	1.3.B	10-06/IGREXA/C
ÁMBITO 5	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 6	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 7	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 8	1.3.B	10-09/RIBELAS/C 10-10/LAGARELLA/B/SNUP/PAU/3
ÁMBITO 9	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
ÁMBITO 10	1.3.B	10-09/RIBELAS/C
FOLLA 40		
ÁMBITO 1	2.2.D	PEMM 06-05/MONTE DA FALCOA
ÁMBITO 2	1.3.B E 2.2.D	PEMM 06-05/MONTE DA FALCOA
ÁMBITO 3	1.3.B	02-02/SAA/D
ÁMBITO 4	1.3.B e 2.2.D	PEMM 06-05/MONTE DA FALCOA
ÁMBITO 5	1.3.B	02-02/SAA/D
ÁMBITO 6	1.3.B	02-02/SAA/D
ÁMBITO 7	1.3.B	02-02/SAA/D
ÁMBITO 8	1.3.B	06-02/MONTE DE MACAL/C/SNU 06-01/MACAL/C
ÁMBITO 9	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 10	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 12	1.3.B	10-04/AS CARNEIRAS/D

ÁMBITO 13	1.3.B	10-04/AS CARNEIRAS/D
ÁMBITO 14	1.3.B	02-07/BABIO/C
ÁMBITO 15	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 16	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 17	1.3.B	02-19/BABIO 2/C/SNU
FOLLA 41		
ÁMBITO 1	1.3.B	02-03/BALDE/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	02-02/SAA/D
ÁMBITO 3	1.3.B	02-03/BALDE/C/SNU
FOLLA 42		
ÁMBITO 1	1.3.C	12-02/CANIDO/A
FOLLA 43		
ÁMBITO 1	4.5	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 2	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 3	1.3.C	12-02/CANIDO/A
ÁMBITO 4	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 5	1.3.B	12-04/IGREXA/A
FOLLA 44		
ÁMBITO 1	1.3.B	08-12/CARBALLAL/C
ÁMBITO 2	1.3.B	08-12/CARBALLAL/C
ÁMBITO 3	1.3.A	08-12/CARBALLAL/C
ÁMBITO 4	1.3.B	12-06/HERMIDA/D
ÁMBITO 5	1.3.B	12-06/HERMIDA/D
FOLLA 45		
ÁMBITO 1	1.3.B	08-11/SAN LORENZO/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	07-04/RIAL/C
ÁMBITO 3	1.3.B	08-10/TARRIO/D
ÁMBITO 4	1.3.B	08-10/TARRIO/D
ÁMBITO 5	1.3.C	08-07/BOUZOS/C/SNU
ÁMBITO 6	1.3.C	08-07/BOUZOS/C/SNU
ÁMBITO 7	1.3.B	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 8	1.3.B	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 9	1.3.B	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 10	1.3.B	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 11	1.3.B	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 12	1.3.C	08-05/LUZ/C/SNU
ÁMBITO 13	1.3.B	08-06/PARROCHA/C/SNU
FOLLA 46		
ÁMBITO 1	1.3.B	02-09/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	02-09/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	02-09/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	02-09/BABIO 2/C/SNU
ÁMBITO 5	1.3.B	18-20/CARREGAL/C
ÁMBITO 6	1.3.B	18-20/CARREGAL/C
ÁMBITO 7	1.3.B	18-20/CARREGAL/C
ÁMBITO 8	1.3.B	02-07/BABIO/C
ÁMBITO 9	1.3.B	18-20/CARREGAL/C

ÁMBITO 10	1.3.B	18-20/CARREGAL/C
ÁMBITO 11	1.3.B	18-20/CARREGAL/C
FOLLA 47		
ÁMBITO 1	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 2	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 3	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 4	1.3.B	12-04/IGREXA/A
ÁMBITO 5	1.3.B	12-01/ESTOMADA/D
FOLLA 48		
ÁMBITO 1	1.3.B	12-06/HERMIDA/D
ÁMBITO 2	1.3.B	12-06/HERMIDA/D
FOLLA 49		
ÁMBITO 1	1.3.B	08-06/PARROCHA/C/SNU
FOLLA 50		
ÁMBITO 1	1.3.B	18-15/IGREXA/C
FOLLA 51		
ÁMBITO 1	1.3.A	13-02/CAL DE OUTEIRO/D
ÁMBITO 2	1.3.A	13-02/CAL DE OUTEIRO/D
ÁMBITO 3	1.3.C	13-02/CAL DE OUTEIRO/D
FOLLA 52		
ÁMBITO 1	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	18-11/GARRIDA/C
ÁMBITO 5	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 6	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
FOLLA 53		
ÁMBITO 1	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 2	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 3	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 4	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
ÁMBITO 5	1.3.B	18-04/SOBREIRA/C/SNU
FOLLA 54		
ÁMBITO 1	1.3.C	18-09/GARRIDA 2/D/SUP/PP/4
ÁMBITO 2	1.3.C	18-07/SEOANES/C
ÁMBITO 3	1.3.C	18-07/SEOANES/C
ÁMBITO 4	1.3.C	18-07/SEOANES/C
ÁMBITO 5	1.3.C	18-07/SEOANES/C
FOLLA 55		
ÁMBITO 1	1.3.C	18-07/SEOANES/C
ÁMBITO 2	1.3.C	18-07/SEOANES/C

ANEXO 2

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA NA QUE SE REFLECTEN OS ÁMBITOS AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN DE LICENCIAS PARA A ELABORACIÓN DO NOVO PXOM, SEGUNDO SE INDICA NO ANEXO 1.

No expediente figuran 55 planos numerados, debidamente dilixenciados cada un deles pola Secretaría Xeral.

2.- (75).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ZONA FRANCA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL. EXPTE. 1169/110.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo Secretario do Pleno con data 16 de decembro de 2004:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local (LBRL).
- RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais (RS).

ANTECEDENTES.

Remítese a esta Secretaría para o seu informe-proposta borrador de convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca que ten como principal obxecto a constitución dunha sociedade mercantil que xestione diversos servizos públicos de contido económico, é dicir, non meramente administrativos, entre os que se atopan determinados aparcadoiros públicos subterráneos, así como a xestión e execución de actuacións culturais e turísticas. Tamén se contempla a colaboración do Consorcio na rehabilitación e revitalización da área urbana "Centro de Vigo", actividade urbanizadora que se intregará no obxecto empresarial.

INFORME.

O Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo en data do 28.10.2002 subscribiron un protocolo de colaboración cuio obxecto é o "establecemento de bases de colaboración futura co Concello para o desenvolvemento urbanístico, socioeconómico e cultural da cidade". En virtude do dito obxecto a estipulación Terceira do protocolo citado menciona como actuacións concretas a "Rehabilitación e revitalización da área coñecida como "Centro de Vigo", a "Colaboración no desenvolvemento e

planificación de aparcadoiros", así como "calquera outra actuación de interese xeral que o Concello e o Consorcio conveñan de mutuo acordo no futuro". O propio protocolo menciona que tales actuacións concretaranse en convenios específicos.

En desenvolvemento desta última previsión o proxecto de convenio a subscribir determina as actuacións mencionadas sinalando que para a xestión común das mesmas e para a explotación dos servizos públicos e actividades que se propicien mediante tales actuacións constituirase unha sociedade mercantil.

O art. 6.5 da LXPAC, de aplicación supletoria ó Réxime Local, a teor do sinalado no art. 9 da mesma Lei, indica que, "Cando a xestión do convenio faga necesario crear unha organización común esta poderá adoptar a forma de Consorcio dotado de persoalidade xurídica ou sociedade mercantil".

Sen prexuízo de entender que a sociedade mercantil á que se refire o convenio ten a súa razón de ser no precepto legal citado, non cabe dúbida tamén que a futura sociedade, no suposto de que finalmente se constitúa, terá a súa orixe na división de poder, de responsabilidade e de competencias compartidas que o ordenamento xurídico actual reconece e atribue ás distintas administracións públicas e ós seus entes instrumentais. É dicir, a integración das vontades municipal e consorcial nun capital social non é senón un reflexo da complexidade do reparto de poder entre entes públicos distintos que buscan fórmulas de personificación diferenciadas para dar coherencia ós principios constitucionais de coordinación e colaboración, principios que poden dar lugar a diversas técnicas sendo unha delas a creación de sociedades mercantís permitindo isto, gracias á integración do capital social, aunar e coordinar proxectos, en definitiva, fundir intereses en xogo, evitar duplicidades, completar perspectivas e integralas nun deseño común. Neste sentido temos de manifestar que o art. 5.1 dos Estatutos do Consorcio da Zona Franca, aprobados mediante Orde do 24 de xullo de 1951, modificados en data do 11 de maio de 1988, sinalan que este ente, baixo a dependencia exclusiva do Ministerio de Facenda, ten por obxecto promover, xestionar e explotar, en réxime de dereito privado, directamente ou asociado con outros organismos, toda clase de bens co fin de contribuir ó desenvolvemento e á dinamización social da súa área de influencia.

Ainda entendendo como posible, dende unha perspectiva legal, a constitución da sociedade mercantil, o feito de que do convenio se desprenda o compromiso do Concello de levar a cabo actividades económicas referidas a competencias municipais, ou mellor dito, servizos públicos de contido económico, necesita, ó noso xuízo, do sometemento de tal decisión a un procedemento formal e solemne -expediente de municipalización- en donde se xustifique a oportunidade e conveniencia da medida e donde se determine a forma de xestión dos ditos servizos.

Puidera entenderse que en tanto en canto tal iniciativa económica se refire esencialmente a servizos públicos, o mero feito de que isto implique o exercicio dunha competencia fai innecesario o procedemento citado pois a propia lei, ó outorgar ditas competencias ó municipio efectuou implicitamente a valoración da súa conveniencia. Consideramos que isto non é así pois ó igual que cando se establece un novo servizo público de carácter non económico é suficiente o acordo do Pleno fixando a súa

regulamentación e forma de xestión (arts. 42 RS e 155.2 TRLCAP), cando os servizos teñen un contido económico resulta lóxico o trámite cualificado dos arts, 86 LBRL e 97 do TRRL, a fin de asegurar a viabilidade e operatividade da medida. Nestes casos, a diferenza das actividades económicas puras -actividades de mercado-, non se valorará o interese público da actividade, pois a Lei xa o dotou desa característica, senón a oportunidade e conveniencia da decisión.

En virtude do exposto consideramos necesario un acordo inicial da Corporación (Pleno) no que se designe unha Comisión de Estudio composta por membros da mesma e persoal técnico que terá como misión a redacción dunha Memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica que se pretende exercer na que se determinará a forma de xestión, neste caso xa apuntada polo convenio: sociedade de economía mixta atípica, é dicir, sen participación do capital privado, posibilidade prevista no art. 102 do RS, sociedade que suxeitará a súa actividade contractual ós principios de publicidade e concorrencia. Non obstante someterase á parte xeral da Lei de Contratos cando estes superen o umbral comunitario. Disp. Ad. 6ª TRLCAP).

A Memoria deberá acreditar a oportunidade e conveniencia da intervención que deberá ser sometida á consideración do Pleno que de aceptala ordenará o seu sometemento a exposición pública por un prazo non inferior a 30 días naturais mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP a efectos de que os particulares poidan participar nel procedemento presentando suxerencias ou observacións. Enténdese que a Memoria citada incluírá o proxecto de estatutos da futura sociedade.

Transcorrido o dito prazo, o proxecto, acompañado das observacións ou suxerencias cidadás elevarase ó Pleno do Concello que, resolvendo motivadamente as mesmas, procederá á súa aprobación definitiva mediante acordo adoptado por maioría simple."

En virtude do exposto, o Secretario do Pleno formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 24 de febreiro de 2004 a Interventora Xeral emite informe de fiscalización que figura no expediente.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión de data 27 de febreiro, dictamina favorablemente.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Este convenio que se propón para min ten aspectos positivos, ten algunhas dúbidas sobre algúns aspectos da legalidade e coido que ten algunhas cousas que non considero convenientes. Todo o protocolo que se inclúe para o adecentamento e embelecemento da cidade cara ó 2005 a min paréceme moi ben e se se fixeran máis cousas moito mellor.

Recoñezo que pode haber aí algunha sombra de dúbida sobre se, por exemplo, Zona Franca precisa ou non unha aprobación ou informe preceptivo do Ministerio de Facenda para facer cousas que dificilmente se poidera interpretar que están contempladas nos estatutos, pero serán cousas de Zona Franca, eu non vou entrar nesas cuestións, dígo así de claro. Da análise que fan os meus compañeiros que me asesoran dedúcense ese tipo de opinións. Pero pese ás dúbidas eu, collendo un latinorio dos que usan moito os xuristas diría aquilo de "in dubio pro reo", é dicir, se temos dúbidas (que nós as temos), como do que se trata é de facer unha chea de obras que evidentemente van beneficiar a Vigo e polo tanto ás viguesas e vigueses, nós a este protocolo de obras que se queren facer evidentemente que lle damos a nosa aprobación sen ningún tipo de condición nin doutra consideración.

Pero hai un aspecto do convenio que a nós si nos preocupa e co que ademais non estamos de acordo, é dicir, estamos dispostos a tentar razoar co resto dos compañeiros da Corporación sobre o futuro de qué facer no Concello.

¿Ten o Concello que se meter a facer "negocios" en Vigo? ¿qué tipo de "negocios"? ¿por qué? Eu coido que as institucións públicas (o Concello e mesmo Zona Franca, non me importa estender o comentario para Zona Franca) teñen que facer investimentos que garantan ó mellor a calidade de vida de todos cando son necesarias para complementar cousas ás que mesmo non chega a iniciativa privada. Pero é que aquí, por exemplo, cando queremos falar de construción de aparcadoiros o que queremos é montar un negocio para competir coa empresa privada.

A miña pregunta é ¿por qué? Porque se alguén me di que vai facer unha rede de de aparcadoiros que realmente van resolver un problema social, porque é un problema social a falla de aparcadoiros en Vigo agora mesmo e diso non teño a menor dúbida, pero se non hai ningunha outra solución porque por exemplo a iniciativa privada non é quen de acometer este tipo de actuacións, eu estaría encantado de que Zona Franca e mesmo o Concello foran cara adiante neste tipo de traballo pero polas sondaxes que eu fixen non sería así.

Coido que o Concello, que sería sempre o concesionario, podería marcar as condicións sociais que lle interesasen. Por exemplo: non se cobra a primeira media hora, a tarifa inicial será x e, sempre que o negocio fose rendible para o empresario, cunha mínima e razoable rendibilidade, habería empresarios dabondo para concorrir. Se é así ¿por qué temos que meter os

cartos do Concello e tamén de Zona Franca en temas que outros poden facer sen ningún menoscabo dos dereitos e uso e disfrute dos cidadáns? Non lle atopamos sentido, por non dicir (que o digo con claridade e en voz alta) que me preocupa infinitamente máis que interveña o Concello que a Zona Franca.

O da Zona Franca podería encoller os ombreiros e dicir que cando lle adjudicaron no seu día non era legal o facer, hoxe podería ser, cambiou a lexislación en marzo de 2003, houbo un cambio lexislativo que o permitiría e sería tamén para min diferente. Porque non nos enganemos, se o Concello pasa ser empresario antes ou logo todos os señores que traballan nos aparcadoiros queren ser funcionarios do Concello e van empezar dicir que o seu dereito é o mesmo co dun funcionario e así antes ou logo entraremos nalgún tipo de liortas.

Estas son as nosas consideracións, non llas queremos impoñer ó resto da Corporación. Se vostedes están todos de acordo en facer isto non será por nós que non se faga.

Pero, por último, déixenme dicirlles unha cousa: se vostedes pretenden levar adiante isto, e iso si sería unha condición fundamental para nós, perdoen que o diga así a todos os grupos municipais, non teño por qué dudar das intencións futuras de ninguén pero temos pasados que non nos gustan nada. A actuación dos grupos municipais no tema Emorvisa tenos arrepiados aínda hoxe.

Polo tanto, perdoen que nese sentido non lles deamos a confianza ós demais grupos políticos. Se queren facer unha operación coma esta, unha de dúas: ou con transparencia, luz e taquígrafos e con responsabilidade estamos representados todos os grupos políticos en todas as institucións que daí se deriven, ou dende logo, por esa falla de confianza por actuacións pasadas, nós non daríamos ningún voto en branco para a actuación futura. Gracias.

SR. PÉREZ CASTRILLO: O convenio que nos traen vostedes hoxe a discusión plenaria é a concreción dun protocolo marco asinado no 2002 entre a Corporación municipal de Vigo e o Consorcio da Zona Franca. Un protocolo de colaboración amplo que substanciaba ou aliaba definitivamente a Zona Franca e Concello no desenvolvemento urbano, urbanístico, en infraestructuras e no socioeconómico da cidade de Vigo e da súa área metropolitana.

O primeiro que temos que dicir é que nos felicitamos por que, malia o cambio de Goberno, se segan mantendo os compromisos por parte da Zona

Franca. É positivo para a cidade que os acordos subscritos por outra Corporación se segan mantendo e mesmo, como neste caso, se profunden. Non sempre foi así e mesmo con administracións na Zona Franca e no Concello da mesma color política. Polo tanto hai que se felicitar da concreción neste convenio dese acordo marco de colaboración do ano 2002.

En segundo lugar, propóñenos neste convenio un instrumento de xestión dos proxectos conxuntos que nós consideramos moi interesante como é o dunha sociedade conxunta entre dous entes públicos (o Consorcio coas súas singularidades, evidentemente) e que dende logo vai redundar en facer máis áxiles aqueles aqueles proxectos que comunmente se acorden.

Coido que na cidade de Vigo moitas veces todos botamos de menos non só proxectos, senón que estes se leven adiante o máis axiña posible. Vigo precisa de moitas actuacións e que os proxectos non só se conformen coma ideas ou coma declaración de vontades, senón que ó final sexan realizacións.

Polo tanto este instrumento, con todas as dúbidas dunha nova experiencia como pode ser unha sociedade anónima entre a Zona Franca e o Concello de Vigo, é un instrumento que nós consideramos que vai axilizar a colaboración entre o Concello e a Zona Franca nomeadamente nestes vindeiros anos en que as actuacións que se deben facer en Vigo en canto a infraestructuras e reformas urbanas, logo duns anos de planeamento, teñen que ser aceleradas, profundas e dende logo teñen que se facer coa maior urxencia.

Nese sentido seméllanos idóneo, independentemente de que no proceso da constitución ou do debate estatutario de constitución desta sociedade anónima, dende o punto de vista técnico-xurídico se fagan as aportacións e as modificacións pertinentes e se modele a sociedade anónima como a Corporación e o Consorcio da Zona Franca consideren máis axeitado.

En terceiro lugar, hai unha solución que xa tratamos na anterior Corporación ó convenio da Zona Franca e o Concello de Vigo para a construción de novos aparcadoiros na cidade. Como xa dicíamos no anterior Pleno, o BNG considera que é necesario o aumento do número de prazas no Concello de Vigo de aparcadoiro público e polo tanto coidamos que a alianza coa Zona Franca é importante porque non todos os aparcadoiros teñen a mesma rendabilidade para os fins privados e polo tanto que as administracións públicas concorran directamente nas administracións deses aparcadoiros vai permitir que mesmo aparcadoiros que dende o punto de vista privado non foran rendibles, si se executen e polo tanto haxa unha oferta cada vez

maior de prazas de aparcadoiro público soterrado en Vigo das que esta cidade é deficitaria.

O aparcadoiro público subterráneo á parte de facilitar o aparcamento facilita tamén actuacións de humanización e peonalización coas que o noso Grupo, que comezou xa hai uns cantos anos a impulsalas, manifesta case, se mo permiten, vehementemente o seu compromiso con continuar os devanditos proxectos. Por isto o soterramento dos aparcadoiros semelláanos fundamental e que se desenvolvan estes tres aparcadoiros, Villa Laura, Areal e Calvario, vai falitar procesos de humanización e mesmo de peonalización nestas tres zonas da cidade. Ademais se podemos, e deberiamos, planificar máis zonas de aparcadoiro subterráneo fagámolo o máis axiña posible e encomendémolas a esta sociedade porque cantas máis prazas de aparcadoiro públicas se ofrezan ós cidadáns de Vigo menos infraccións de tráfico haberá, máis alternativas haberá para que non haxa esas infraccións de tráfico e evidentemente teremos unha cidade máis humanizada.

En cuarto lugar, se nos presenta tamén por parte de Zona Franca a conta desta sociedade mixta un avance de investimento nun conxunto de obras das que xa figuraba a súa filosofía no documento asinado pola anterior Corporación e o Consorcio da Zona Franca no ano 2002. Esta filosofía se substancia nun conxunto de oito liñas de actuación de reforma e adecentamento urbano que na Comisión informativa nós lle pedimos ó Goberno que nos concretara.

Consideramos importante que o protocolo asinado no 2002 se concrete xa e que haxa obras, mesmo que a Zona Franca avance un financiamento de reforma urbana, de humanización, de asfaltado, de axardinado, coido que esta cidade o precisa e sobre todo neste ano que esperamos que o Xacobeo tamén redunde en beneficio da cidade, pero nós entendemos que se deberían concretar un pouquiño máis.

Señores do Goberno, señores do Partido Popular, vostedes preséntanos oito liñas de actuación en canto a adecentamento urbano que non podemos senón estar de acordo, ¿quen non está de acordo coa rehabilitación integral do centro, fresado, asfaltado e pintado de rúas, a posta de bolardos para que non aparquen os coches nas beirarrúas, ou o axardiñamento da cidade? Evidentemente nós imos apoiar todo tipo de actuacións de adecentamento urbano porque Vigo as necesita.

Pero en todo caso a nós gustaríanos que houbera unha maior concreción dos proxectos porque, señores do Partido Popular, señores e señoras da

Corporación, unha cousa son declaracións de vontade e outra son feitos e esta cidade necesita feitos. Xa hai proxectos elaborados pola anterior Corporación, mesmo polo anterior Goberno, que están esperando pola súa aprobación para a súa execución e non entedemos por qué non se concretan xa neste texto.

Polo tanto a nós gustaríanos que dalgún xeito a Corporación priorizara, discutira e elaborara os proxectos que xa están nos servicios, ou mesmo apuntara propostas para a redacción de novos proxectos sobre a base do que vostedes propoñen nesta addenda que xa digo que é algo que está ben pero que non nos di nada.

Nós propoñemos a esta Corporación a creación dunha comisión delegada do Pleno que, a partir destas oito liñas de actuación sobre reforma e adecentamento da cidade de Vigo, poidera priorizar e mesmo discutir aquelas actuacións que se lle van propoñer ó Consorcio da Zona Franca no marco deste convenio para a súa realización.

Polo demais, como se desprende da miña intervención, imos apoiar o convenio, ademais queremos que se execute o máis axiña posible, que haxa celeridade e hai suficientes proxectos nas carteiras, nas vitrinas dos servicios como para que se comecen a realizar e non hai moito tempo que perder.

Propoñemos esa comisión delegada para a súa concreción e agardamos que a colaboración da Zona Franca, a través deste ente público, sexa beneficiosa, se leve a bo porto e, é máis, que se concrete canto antes, que o máis axiña posible haxa unha comisión que vaia estudiando xa os estatutos desta nova sociedade e que se poña en marcha canto antes.

SR. PÉREZ MARIÑO: Vaia en primeiro lugar a manifestación de que, pase o que pase, nós imos votar favorablemente o convenio, pero iso non quere dicir que non lle obxecte que nós coidamos que se lle deba dar unha volta a este convenio.

En primeiro lugar e nese aspecto, eu solicitaría de vostede que retirase da orde do día esta cuestión e vou tentar explicarlle por qué.

Hai suficientes antecedentes neste Concello de présas, de convenios subscritos que logo non se poden aplicar, de convenios que logo son lesivos para a Administración e debía facernos lembrar, sen prexuízo de que ningún de nós probablemente sexamos responsables, pero si o somos coma Corporación, de que coma mínimo deberíamos ter os informes técnicos que

avalen as nosas decisións. Por iso o pasado venres eu lle expresaba por teléfono que se pedira un informe sobre este convenio á Avogacía da Zona Franca. Porque ese informe, que hoxe podería estar aquí enriba da mesa, nos permitiría camiñar cun pouco máis de tranquilidade e seguridade. Pídolllo de novo.

Este non é un problema que deba enfrontar ós distintos Grupos municipais porque todos, como expresaron, estamos de acordo en que hai que buscar mecanismos de axilización para levar adiante as tarefas municipais xa que a nosa cidade, desgraciadamente, ás veces non teñen a axilidade necesaria e, diante dos acontecementos turísticos e culturais que se nos presentan, é conveniente esta axilidade, pero esta axilidade non debe rifar co principio de seguridade nas cousas que facemos.

Por iso repítole de novo que sería conveniente pola nosa tranquilidade e pola eficacia no futuro deste convenio que hoxe comeza a súa andadura que se retirase da orde do día e mañá ou pasado, co informe da Avogacía do Estado, ou cos informes correspondentes, poideramos aprobalo no seu caso, ou modificalo se fose necesario de xeito que hoxe non nos atopásemos resolvendo neste convenio un acordo do ano 2001, porque en definitiva, como direi un pouco máis adiante, ó que vimos é ver coma resolvemos un torto que se creou nun convenio con Zona Franca no ano 2001: a adxudicación coma contraprestación dos tres aparcadoiros que hoxe son obxecto deste convenio. Vaia por tanto a miña proposta formal, Sra. Alcaldesa, de que retire da orde do día este asunto, coa soa intención de que realmente poidamos acadar un convenio útil e eficaz que non sexa obxecto de reclamacións por parte de particulares.

Como teño que consumir a miña quenda e para o suposto de que vostede non aceptase a retirada da orde do día que lle solicito, hei lle explicar qué obxeccións ten o noso Grupo con este convenio que hoxe está para aprobación.

Este convenio que hoxe se pretende aprobar enmárcase dentro do que se viu charmar, sen saber exactamente que ven detrás, a sociedade ou o proxecto Vigo-2005.

No Pleno do mes de xaneiro pasado o meu compañeiro, Sr. Arias, preguntáballes a vostede, dentro do apartado de preguntas: ¿Que é Vigo-2005? ¿qué fórmula xurídica ten? ¿qué se pretende con este nome comercial (tan bonito por outra parte) Vigo-2005 que augura novos proxectos, novas realidades tan necesarias? Sra. Alcaldesa, vostede respostoulle que aínda

non estaba decidida a fórmula e que máis adiante, cando estivera se decidiría e comunicaría á Corporación.

Posteriormente, co gallo da inauguración do Concurso Hípico Internacional que vostede realizou, vostede manifestaba no seu discurso (aparece a transcripción porque era lido, non improvisado) a adhesión de indeterminadas institucións e empresas que vostede mencionou de xeito xenérico e mesmo chegou dicir que unhas xa se adheriran e outras xa se comprometeran ou presentado o seu desexo de adhesión á sociedade Vigo-2005.

Por iso, hai uns días no Pleno ordinario de febreiro, preguntámoslle a vostede qué empresas, institucións, qué entidades e qué formulas xurídicas, que é en definitiva o que se propón con Vigo-2005. Isto foi sen afán do contradicir, senón do coñecer e, no seu caso, apoiar, obxectalo ou melloralo, se fose posible. A resposta que vostede nos deu, que dixo que o faría por escrito, é sen ningunha dúbida este convenio que se enmarca dentro desta entidade.

Coidamos que este convenio ten algunha obxección. Vou empezar pola estipulación sexta onde se di que as partes asinantes acordan deixar sen efecto o convenio marco aprobado polo Concello o 29 de outubro de 2001, referido á construción e explotación dos aparcadoiros na cidade de Vigo.

Como vostede sabe, ese convenio marco aprobado en outubro de 2001 era un convenio no que había unha contraprestación pola que se adxudicaba ó Consorcio da Zona Franca a construción e explotación de tres aparcadoiros en troques da realización do túnel de Beiramar que nestes momentos se está levando á práctica.

O primeiro problema que se nos presenta (e por iso pedimos que houbera un informe xurídico sobre o particular) é qué acaece co que fixo a Zona Franca. ¿Ten a Zona Franca capacidade de reclamarnos o día de mañá o custo da prolongación do túnel de Beiramar? ¿Pode renunciar Zona Franca no momento actual a esa contraprestación? ¿Fíxoo nalgún dos seus órganos posibles? ¿Pode renunciar unha administración pública a unha contraprestación como é neste caso a explotación dos aparcadoiros? ¿Qué problema se presentou dende o 2001 ata agora? O problema foi moi sinxelo.

Zona Franca non comezou a construción dos aparcadoiros porque houbo tres recursos de tres que pesaban e pesan coma unha lousa sobre a decisión da Zona Franca, tanto é así que non levou a construción á práctica, e o que é máis grave, atopouse cunha solicitude de informe xurídico ó propio avogado do Estado da Zona Franca e o propio asesor xurídico do Consorcio da Zona

Franca di que é moi posible que as tres empresas teñan razón y que nos podemos atopar cun gran desastre consistente en que comecen as obras e cauteladamente as pare o Tribunal Superior ou, que sen ir máis lonxe, comecen unhas obras e mesmo rematen e posteriormente o Tribunal Superior diga que están mal adxudicadas porque se vulnerou un principio fundamental nunha economía de mercado como o é o da competencia, da igualdade das partes. Pensouse e pénsase (e neste caso o apoia o Avogado do Estado) que é moi posible que nese convenio do ano 2001 se estea vulnerando o principio fundamental de igualdade de partes na competencia nun sistema de mercado.

Danos a impresión que é posible que este convenio que se pretende que aprobemos hoxe (e probablemente aprobemos se a Sra. Alcaldesa non o retira da orde do día) solucione ese problema e quede sen obxecto o recurso presentado perante o Tribunal Superior.

Pero, ¿non estamos creando novamente outro problema? Pregúntome se non estamos bordeando a lei cun fraude de lei se a Zona Franca deixara de ser titular indiscutida da totalidade dos aparcadoiros para seren titular das dúas tercias partes da sociedade que explota os aparcadoiros. ¿Non hai aí unha pequena fórmula de enxeñería xurídica que nos leva ó mesmo lugar?

Dígollo con todos os respectos. O noso Grupo non ten a solución, nin está seguro do que estamos dicindo. Non crea vostede que llo dicimos cun dogmatismo ou cunha verdade indiscutible. O que dicimos de verdade é que se pida un informe que nos permita ter a tranquilidade de que o noso xuízo, o noso voto está amparado pola legalidade, legalidade tan necesaria neste Concello que tantas zorregaduras xudiciais sofre a miúdo.

Pero, é máis, de se coller o expositivo terceiro do convenio que se pretende asinar hoxe di que, en virtude dos acordos ós que facía referencia o representante do Bloque, acordos do 28 de outubro do ano 2002, na súa estipulación terceira di que: "En función desa prevense e establécense as bases para a colaboración nas seguintes actuacións". No apartado b) dise: "A xestión común xa sexa referida ás existentes concesións, ou que se rescaten ou concluan como as que se proxecten nun programa de futuro". É dicir, estamos tomando unha decisión semella que importante que é que a nova empresa co novo convenio se vai encargar dos problemas dos aparcadoiros da cidade rescatando as concesións xa feitas, planeando o futuro das concesións.

Pregúntome de novo se esta non é unha fórmula indirecta de lle dar a Zona Franca (que é un xestor estupendo pero temos que saber se compite en

condicións de igualdade) os 2/3 de toda a planificación dos aparcadoiros da cidade de Vigo, ¿é esa a decisión que queremos tomar? ¿A decisión que queremos tomar é que a partir de agora, por vía indirecta, un tercio dos aparcadoiros da cidade de Vigo sexan explotados por unha sociedade propiedade do Concello nun tercio da mesma?

Pregúntome se son as fórmulas axeitadas, se son as decisións posibles e se é a vontade política do facer, porque semella que estamos pasando silandeiramente, encubríndoo e dígo con todos os respectos, sen ningún afán de crítica negativa, pero semella que estamos realmente dentro do marco do 2005, dentro dun convenio positivo buscando unha fórmula empresarial para a construción e explotación dos aparcadoiros da cidade.

Nós, como dicía antes o Bloque, estamos absolutamente de acordo en que se construan, non en todos os sitios loxicamente, pero en que haxa unha proliferación de aparcadoiros que possibiliten un mellor funcionamento dos aparcadoiros para mellorar a calidade de vida desta cidade cousa que é necesaria. Por iso coidamos que son necesarios eses informes polos que temos que preguntar.

En segundo lugar, Sra. Alcaldesa, falabamos na Comisión informativa de días pasados dos problemas que se nos presentan para acadar a fórmula xurídica de creación dunha sociedade para xestionar directamente servicios de competencia local porque o convenio é moi ambiguo, coido que así o dicía o Sr. Soto hai un momento.

O convenio, no ámbito das competencias previstas, é case unha norma en branco. ¿É posible crear unha norma en branco destas características para unha sociedade? ¿Non estamos asistindo a unha certa cerimonia de confusión, de que co reclamo -certo- da eficacia da xestión dunha empresa se encubra case todo? E así baleiramos o Concello de xestión para llo pasar a unha sociedade sen saber moi ben os por qué e os cómo. Pero hai determinadas xestións municipais que non é posible delegar en empresas que non teñan a totalidade do capital por parte do Concello.

Se non interpretamos mal (que tampouco o queremos asegurar, pero por iso o queremos preguntar) o Título X da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local modificou, entroutros, o artigo 85.t da mesma, e sinala que as sociedades mercantís rexeranse integramente calquera que sexa a súa forma (modificouse dentro do marco da Lei de modernización das facendas locais) e nesta interpretación, moi por riba que facemos nós, semella que se esixe que calquera que sexa a forma xurídica que se prevexa

da sociedade, a mesma debe ter o capital integramente composto por capital de orixe municipal, sempre e cando se estea referindo a xestión directa de servicios de competencia local.

Nunha intepretación dos obxectivos deste convenio e desta sociedade semella que están algúns servicios de xestión directa de competencia local. Refírome ós apartados -como dicía, ambíguos- "c" e "d" do expositivo terceiro deste convenio marco.

Hai algúns outros problemas xurídicos que se nos presentan. Por exemplo, na estipulación quinta -Obras e actuacións previstas da sociedade-, sinálase que "Sen prexuízo das obras que no futuro execute a sociedade mercantil, a contratación e adxudicación das obras mencionadas corresponderá o Consorcio da Zona Franca". Seméllanos unha fórmula especialmente novedosa, pero é unha deixación de funcións. Eu non sei se é posible facer esta deixación de funcións. Coidamos que isto nos presenta serias dúbidas.

Sra. Alcaldesa, non vexa vostede máis cunha crítica constructiva no que dixen. Estamos desexosos de que os programas que se fagan dentro do marco de Vigo-2005 contribúan á mellora da calidade de vida desta cidade, á mellora da vida dos cidadáns.

Non estamos seguros de que a fórmula buscada sexa a axeitada e para resolver esa dúbida lle reitero novamente a nosa petición de que retire este asunto da orde do día e que se soliciten os informes xurídicos axeitados.

Cando se fixo o convenio dos aparcadoires no 2001 probablemente ninguén pensou que ian traer tres anos de atrasos, probablemente fíxoo todo o mundo coa boa vontade de posibilitar que Zona Franca atopara unha contraprestación que permitise a prolongación do túnel de Beiramar. Pero a práctica, que á que nos temos que cinguir, indicounos que foi unha decisión errada. Non caíamos hoxe nunha decisión errada se é posible formulármonos a dúbida de cal sexa a fórmula.

Nós imos votar que si, con todas as obxeccións que lle manifestamos. Pero lle pedimos que próxima vez nos presente cun pouco máis de tempo as fórmulas que vostede crea axeitadas, vostede que leva a dirección da política municipal, para que non vendamos a pel do raposo antes do matar. Non expoñamos en foros públicos de qué se vai tratar antes do presentar ós corporativos municipais e por ende os cidadáns. En definitiva, introduzamos se é posible (dígoo sen ningunha crítica para atrás) actuacións das que esteamos seguros da súa viabilidade. Moitas grazas.

SRA. ALCALDESA: Agradecendo de antemán os votos anunciados polos distintos Grupos, queredría ir contestando a todos e cada un deles.

En canto á posible participación dos Grupos, quero anunciar que xa está comprometido pero que queremos ir máis aló. Existe unha comisión de municipalización precisamente na que hai 4 concelleiros e 4 funcionarios. Por certo que eses catro concelleiros son un de cada Grupo. Quero adiantar que, precisamente no seo desa comisión, é onde se van redactar os estatutos desa sociedade, polo tanto imos ser todos partícipes dela.

Vigo-2005 será o que fagamos entre todos e terá uns estatutos que se traerán a este Pleno coa participación de todos.

Sobre ás verbas do voceiro do Bloque Nacionalista Galego, dicir que entregamos ós Grupos unha nota moi xenérica de actuacións porque se pediu o venres, o último día na Comisión informativa, e consideramos que é axeitado que exista esa comisión-delegada do Pleno para facer o seguimento de todas e cada unha das actuacións. Non queremos ser só nós, o Grupo de Goberno, o que diga cales son as actuacións. Estamos convencidos de que coa participación de todos podemos enriquecer ese documento.

Nós pretendemos que, diante dunha situación real que ten a cidade de Vigo (Vigo ten un problema grave de mantemento e de abandono e así o hai que dicir), poidamos recuperar e humanizar a cidade a través dun sistema de xestión áxil e eficaz. Cremos que contar coa participación e cos cartos doutras administracións, porque nós sós non poderíamos, é a mellor fórmula. En canto á miña participación nos foros públicos, coido que é bo e positivo para a cidade falar de proxectos nos que estamos traballando. É bo para que participen entidades e asociacións, dálle participación á cidade en xeral. Iso é o que estivemos facendo, abrir este proxecto á sociedade.

Pero dende logo temos claro que sociedade a vai formar Zona Franca e Concello de Vigo e por suposto que co liderazgo do Concello de Vigo en todo momento.

Sr. Pérez Mariño, desgraciadamente esta cidade sufríu parálise tras parálise e polo tanto eu non vou retirar este punto da orde do día. Caimos en tanta análise, contraanálise e requeteanálise que fomos todos partícipes da parálise desta cidade. Non podemos perder máis tempo. No 2005 a cidade de Vigo vai ser un espello cara ó mundo, á parte tamén da importancia que ten que os cidadáns disfrutemos dun contorno máis humanizado e mellor. Por iso cremos que é urxente e que non o podemos retrasar máis.

Efectivamente, o venres a última hora, ó mediodía, vostede dicíame que quería que un avogado do Estado fixera un informe. Eu tiven unha conversa co Delegado do Consorcio da Zona Franca e díxome que non sabía se lle daría tempo. Onte a última hora díxome que o consultara, que o avogado o lera e verbalmente, porque non podía facer un informe, dixo que non le vía ningún problema.

Eu non sei se iso lle serve, pero eu lle aseguro unha cousa: a min dábame igual e eu non o precisaba porque os informes preceptivos, como vostede ben sabe, son os do Concello única e exclusivamente, e eu teño total e plena confianza nos funcionarios deste Concello. Ese expediente ten dous informes: da Interventora e do Secretario do Pleno que teñen absolutamente toda a miña confianza.

Eu estou aquí para facer política, política que eu a entendo coma un servizo ós cidadáns, para analizar os problemas da cidade e para tomar decisións e canto máis rápidas mellor, para acadar cartos e non dicir que non os hai; para loitar para que realmente Vigo estea na situación que se merece, con consenso e con diálogo. Non estou aquí para facer interpretacións xurídicas, para iso están os profesionais desta Casa nos que eu, como dicía, confío plenamente.

Dixo dúas frases que a min me alarman: "ten problemas xurídicos que se nos presentan". Vostede non está aquí para formular problemas xurídicos. Os problemas xurídicos se poden formular no seo das reunións técnicas e demais. Cos informes técnicos que ten este documento, a min non se me presenta ningún problema xurídico porque estou aquí para facer política e cando vostede fala de informes xurídicos axeitados seméllame grave. Este expediente ten os informes xurídicos axeitados xa que son os preceptivos.

Eu quérolle pasar a palabra ó Sr. Secretario por se hai algunha dúbida.

SR. SECRETARIO DO PLENO: En canto ás dúbidas e sospeitas de legalidade que se manifestaron neste Pleno, comentando efectivamente a posibilidade de que se incorra neste convenio nun fraude de lei, e mesmo que este convenio sexa froito dunha enxeñería xurídica, unicamente comentar que é un convenio que se redacta ó abeiro do artigo 6.5 da Lei 30/92, onde se di expresamente qué son os convenios interadministrativos e que os entes públicos convenientes poden efectivamente, para esa organización común, crear ou un consorcio ou unha sociedade mercantil.

Loxicamente este convenio o que prevé e que ese fin común, esa técnica, efectivamente se leve a cabo a través dunha sociedade mercantil.

Entendo que non hai ningunha norma, digamos, de esguello e que a presunta norma de cobertura abeira o 100% o convenio.

En canto á afirmación de que os 2/3 dos aparcadoiros da cidade de Vigo se outorgan á Zona Franca, indicar sinxelamente que na estipulación cuarta, cando se fala das posibles concesións existentes actualmente que se poidan rescatar ou que concluan, se di que sempre e cando nesas concesións agora existentes se dan razóns de interese xeral apreciadas polo propio Concello recomenden que sexa esta sociedade a que as leve a cabo.

Tamén en canto á mención do artigo 185 TER, a Lei de grandes cidades introduce un artigo novo na Lei 7/85 que antes non existía, dicir que é un artigo que se está referindo ás sociedades mercantís onde o capital é 100% municipal, e como vostede dixo, efectivamente iso é consecuencia dunha xestión directa, pero non estamos nese ámbito, aquí en todo caso estaríamos, como xa lles comentei, ou diante dunha sociedade mercantil froito do artigo 6.5, ou en todo caso diante dunha xestión indirecta e, como vostede ben sabe, esta xestión se pode facer mediante consorcio, concierto, xestión interesada e sociedade de economía mixta e nesta última o capital non é 100% municipal. Mesmo a Lei de administración local de Galicia di que polo menos o capital terá que ser 1/3 municipal e aquí ese tercio se respecta.

Con todo iso entendo que os artigos 85 TER e o 85 bis citados non son de aplicación, estamos noutro ámbito.

Finalmente en canto ó que se manifestou de deixación de funcións por parte do Concello na recepción de determinadas obras, manifestar que o propio convenio prevé que os proxectos destas actuacións prioritarias que en principio se van realizar, sexan aprobados polo propio Concello e que mesmo a dirección de obra desas actuacións sexa municipal.

É máis tamén entendo que mesmo nesas obras hai un interese común de ambas partes convenientes, entendo que tamén o Consorcio da Zona Franca de Vigo dentro das súas competencias está ese interese público de mellorar dalgún xeito o seu ámbito propio, o ámbito do Consorcio que non cabe a menor dúbida que é a cidade de Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: Claro, Sr. Secretario, que esa é a motivación fundamental de Zona Franca pola que pode facer obras de infraestructuras na

cidade que melloren as prestacións ou rendemento da Zona Franca ou das empresas que están asentadas en Zona Franca. Por iso Zona Franca en ningún sentido precisa contraprestacións en troques para facer un paso elevado, subterráneo, nin nada de nada diso; non o precisa legalmente.

Tiña eu anotado ese comentario que lles quería facer ó paso, cando xusto o Sr. Secretario remata coa súa intervención.

En xeral eu estou de acordo coas intervencións que fai o Sr. Secretario, en dereito xamais hai nada escrito, xamais se sabe e os profesionais do dereito, Sr. Pérez Mariño, xulgan unha cousa nun ámbito, no seguinte tamén son xuíces e cambian a decisión e logo van máis enriba e cambian de novo e todos son xuíces. Polo tanto, ningún nos atrevemos en ningún sentido a pontificar.

Eu confesei antes que teño algunhas dúbidas. As interpretacións do Sr. Secretario pódennme semellar correctas, pero sempre caben outras en dereito. Insisto en que para min o problema é que aquí hai dous temas moi claros que diferenciar. Non teño vergoña en dicir que todo o que son melloras de obras públicas seméllanme moi ben e tamén a petición do Sr. Pérez Castrillo de que mellor que se concreten canto antes, claro que ese é un elemento positivo, sen ningunha dúbida, e mesmo tentar priorizar aquelas que sexan de maior interese para a cidade tamén, dentro deses acordos marco de obras a realizar que se poidan producir.

Logo hai aspectos que sinceramente imos os deixar en abstracto. Este é un convenio marco e ningún pode dicir aquí, coa man no lume, que o capital vai ser 33-66. Iso terá que ser determinado cun mínimo de rigor, señoras e señores concelleiros. Polo tanto, non sei se pretende ser indiciario, para min nin siquera o é. Non sei por qué dos temas que se están a falar o Concello non ten unha participación paritaria; por dicir un algo. Pero, insisto en que tampouco quero dar cifras en ningún sentido porque terán que ser deducidas das aportacións obxectivas que se teñan que producir no seu momento e da valoración que desas aportacións se faga.

Insisto en que conviría e teríamos que detraer aquelas aportacións que polo seu interese xeral redunden en beneficio da Zona Franca xa que nese caso non deberían entrar coma contraprestacións de ningún convenio.

Dito isto, o Concello podería estar perfectamente nunha situación paritaria ou mesmo superior con respecto ás aportacións da Zona Franca, pero recoñezo que é un problema de interpretación.

Sra. Alcaldesa, quérolle dicir honestamente que eu no seu sitio faría o mesmo. Se eu podo atraer obras e investimento para a cidade con dúbidas razoables polo medio, eu faríao mesmo con esas dúbidas. Polo tanto nese sentido a comprendo, pero sego tendo unha opinión que dixen e manteño con respecto ós negocios de aparcadoiros, etc. Esa opinión tíña e téña.

En todo caso, Sra. Alcaldesa, a súa intervención non me garante o que eu quixera, polo menos de co-responsabilidade para levar adiante un tema así. Porque vostede me fala (evidentemente iso xa está no documento) de que hai unha comisión paritaria para a redacción de estatutos de catro concelleiros e catro membros de Zona Franca. Si, pero non está nin a comisión de seguemento, nin o consello de administración e sobre todo este último é o que vai administrar logo a cotío a xestión económica e de todas as ordes dos aparcadoiros.

Falei dun precedente que para min é lamentabilísimo. Como xa o dixen nun Pleno non lles digo nada novo se lles digo que coido que o Concello, na miña opinión, regalou indebidamente accións dunha empresa na que o capital social maioritario era do Concello e como tal, do pobo de Vigo. Daquela quixeramos estar alí para dar opinións de todo tipo: xurídicas, de conveniencia política e de tantas cousas para que ese tema non se materializase e, por certo, xa veremos que pasa con esa acción nos Tribunais de Xustiza onde está nunha paréntese; xa veremos como remata.

A min preocupárame que se tomaran decisións indebidas nestes temas e por iso dicía que, sen ter por qué estender mantos de sospeitas sobre actuacións futuras de ninguén, os precedentes son nese sentido para min tan nefastos que nós, se non estamos presentes en todos e en cada un deses órganos, dende logo, Sra. Alcaldesa.

Non o dixo vostede explicitamente, cando falou de participación eu quixen entender, corríxame se erro, que vostede estaba por unha participación ampla de todos e en todos os órganos, penso que podería ser iso.

Se é así, aínda coas nosas dúbidas, estaríamos dispostos a dar o noso apoio para traballar conxuntamente cos demais no devir de todas as actuacións que se poidan derivar deste convenio.

SR. PÉREZ CASTRILLO: A nós o que nos interesa é facer actuacións na cidade e aquí do que se trata é de facer tres aparcadoiros e un conxunto de actuacións que, aínda que o Goberno non as ten definidas, se poden definir perfectamente porque actuacións de reforma urbana no centro si hai que

facér. Nós polo menos sabémolas e estamos dispostos a achegar as nosas suxestións nesa comisión delegada porque nós queremos seguir cambiando esta cidade.

O cidadán interésalle menos calquera disquisición de índole xurídica ou política, interésalle máis que o Pleno da Corporación tome decisións sobre cousas que lle afecten directamente á súa calidade de vida.

Neste Pleno nós acordamos que se fagan tres aparcadoiros importantes para o tráfico e a humanización da cidade e un conxunto de actuacións nas que nos comprometemos a reformar o centro da cidade para mellorar a calidade de vida e para que Vigo gane en atractibilidade.

Vigo é unha cidade industrial pero sabemos todos que tamén ten un enorme potencial comercial e turístico e niso o centro xoga un papel importante. Por tanto, reformar o centro da cidade e outros barrios que tamén teñen ese potencial contribue a atraer progreso económico á nosa cidade e, por tanto, para nós é importante

Evidentemente nós consideramos que a concreción da alianza que xa leva tempo en marcha entre o Concello de Vigo e Zona Franca é bo para a cidade. Se iso concrétase nunha sociedade conxunta é fenomenal, tanto como que vai axilizar os proxectos.

Evidentemente teremos que nos poñer a discutir cómo a facemos e terán que nos asesorar expertos xurídicos. Por certo, Sr. Secretario, noraboa porque coido que ten estudiado perfectamente este convenio.

Terannos que asesorar pero a vontade política está aí e é que o Concello de Vigo e a Zona Franca queren colaborar e dar un paso máis na concreción desa colaboración para axilizar proxectos que cambien a cidade. Para o BNG iso é importante. Hai outros aspectos nos que evidentemente teremos que ter coidado ó analizar e ó tomar as decisións, pero esa é a vontade política.

Ademais coido que esta fórmula que se concrete hoxe ou no futuro, que non é a primeira vez que propoñemos a Zona Franca unha semellante, non é nada novedosa nas cidades de Europa. Hai moitas cidades de Europa nas que os seus entes públicos conforman sociedades mixtas para axilizar os proxectos. Realmente estamos inventando a "pólvora mollada", señores e señoras, entón, xa que a descubrimos, corramos poñela en funcionamento. Non hai nada novo nos instrumentos de xestión e nas reformas urbanas. O único novedoso sería que a cidade de Vigo se sega a incorporar á modernidade das cidades importantes en canto a actuacións de reformas urbanas, en canto a comprensión política e cidadá de que esta cidade pode xerar riqueza tamén

co turismo e co comercio, ó mesmo tempo que xera calidade de vida. Estando como estamos no Xacobeo é mellor empezar o máis axiña posible.

Cítolles un proxecto: a reforma de Luis Taboada e as transversais, a de Marqués de Valladares ou a rúa Carral. Canto antes empezemos a humanizar a parte de abaixo (ata agora humanizamos a parte de arriba de Príncipe) estaremos en mellores condicións de recibir visitantes. Se para o ano hai un evento coma a "Volvo Ocean Race" en Vigo, teñamos toda a zona de Beiramar atractiva e se temos a sorte de ter unha final da Copa do Mundo de Hípica para o ano, porque xa imos ter ampliado o recinto Feiral de Cotogrande, tamén redundará que teñamos para aquela actuacións urbanas rematadas.

Polo tanto coido que os pasos que se veñen dando dende hai anos de colaboración coa Zona Franca son moi claros en que as dúas administracións apostan por unha reforma de Vigo en profundidade, reforma que ten sesgo de mellora da calidade de vida dos seus cidadáns e tamén de gañar en atractividade comercial, cultural e turística desta cidade. Esa é unha aposta que todos os Grupos municipais desta Corporación levan facendo dende hai anos e felizmente concorremos coa Zona Franca. Agora se trata de buscar a axilidade necesaria para que non perdamos moito tempo na maduración e na execución dos proxectos.

Calquera dúbida (nós tamén as temos, por suposto) sobre cómo facer esa sociedade será resolta felizmente coma se resolveron en todas as cidades e non pasou nada, senón que sairon beneficiadas.

Polo tanto, amigos e amigas, non teñamos medo ó futuro porque cousas coma crear unha sociedade entre o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo son cousas que xa están inventadas e mesmo podemos ver experiencias de fórmulas para as crear doutras cidades europeas e mesmo do Estado. Eu diría máis, Sra. Presidenta, para nós esa sociedade ten que actuar tamén en vivenda, en política de rehabilitación do casco histórico da cidade. Nós apostaríamos, se a Corporación está disposta, porque ese convenio de colaboración coa CPTOV para rehabilitación do casco histórico, parte desa rehabilitación tamén se faga por unha sociedade pública, porque tamén hai experiencias en cidades europeas de que na rehabilitación de cascos históricos a iniciativa pública ten que server de locomotora.

Polo tanto repetimos de novo que nós temos propostas e ideas para esa sociedade -tamén dúbidas-, pero dende logo o que queremos é que non se retrase, que non por aquilo de que a Zona Franca vaia investir agora a

conta retrasemos a constitución desta sociedade. Iso si que para nós sería politicamente rexeitable.

Hai un inicio de actuacións previas que nós consideramos urxentes e, coma dicía antes, brindámonos a traballar co resto dos Grupos municipais nunha comisión delegada para formular e priorizarlle á Zona Franca aquelas actuacións necesarias na reforma urbana, no rural, nas parroquias e no centro da cidade, pero tamén dicimos que nos deamos présa na comisión preparatoria e deliberatoria dos estatutos da sociedade. Teña o carácter xurídico que teña a sociedade entre a Zona Franca e o Concello, coidamos que pode dar moito de si e é importante que estea constituída o máis axiña posible.

Sen ningunha dúbida eu tamén quero dicir, e con iso fágome eco dalgunha proposta dunha intervención anterior, que evidentemente calquera órgano de calquera sociedade onde participe o Concello ten que ter unha representación dos Grupos municipais como acaeceu nas sociedades que hai en todas as cidades e as que houbo aquí.

SR. PÉREZ MARIÑO: A verdade é que non me esperaba a súa resposta. Díxenlle que o noso Grupo ia votar que si para esvaecer calquera conxectura de dúbidas sobre a nosa postura e atópome cunha resposta contundentemente enfrontada pola súa parte, por non a calificar de xeito pexorativo.

Reitérolle, Sra. Alcaldesa, que nós imos votar que si, o único que queríamos era mellorar, se é posible ou de houber dúbida.

É certo que unha Corporación non ten que facer análises xurídicas, pero non pode prescindir delas. Os informes preceptivos que constan nas actuacións, o informe económico que realizou a Sra. Interventora e o informe sobre a posibilidade de creación dunha empresa e as súas características que realizou o Sr. Secretario, non os obxectamos. Nós defendimos e defendemos a bondade dos servicios xurídicos da Casa, dos servicios dos funcionarios.

Si formulamos algunha outra dúbida pero fixémoslo con humildade porque non sabiamos de antemán se tiñamos razón. Fíxese vostede, Sra. Alcaldesa, que de antemán lle dicimos que non sabemos, o que queremos xustamente e que se nos diga por parte dos servicios xurídicos competentes, que neste caso pode ser vostede coma Presidente da Zona Franca, o avogado do Estado da Zona Franca porque participara xa cun informe no tema dos aparcadoiros, se se podería ter un informe para hoxe martes (fíxese o que queríamos retrasar). Comunicámollelo a vostede por teléfono o propio venres día da comisión, non

esqueza que isto comezou o xoves cando se convocou a comisión, o venres realizouse e o martes é o Pleno. Poderíamos dicir que se retrasou o inicio, supoñendo que se poida falar de retraso, pero logo o mecanismo foi moi rápido. Nós queríamos que se realizase hoxe o Pleno pero, de poder ser, ter ese informe dende o venres. Fíxese o que queremos retrasar.

Ademais hoxe estamos asistindo a un fenómeno curioso que é que levamos tres anos de retraso co problema dos aparcadoiros. Estou esaxerando un pouquiño, son dous anos e pico porque aínda que foi no ano 2001 aínda non se cumpriron os tres anos.

Nós pedíamos a seguridade que nos evite calquera problema de futuro. O Sr. Secretario contestou a algunha das cousas -non a todas- que lle formulamos. Seméllanos moi ben e eu voume moito máis tranquilo con algunha das cousas que manifestou, gustaríame que constaran por escrito porque iso nos aberairaría máis; que ademais contestase a todas elas e quedariámonos encantados.

O que non contestou, que eu saiba ou polo menos non entendín, foi o problema da posible reclamación no seu día da Zona Franca. En calquera caso, como o procedemento administrativo é un procedemento escrito e os informes técnicos deben vir por escrito, solicitaríalle que o que diga aquí o mencione e manifeste por escrito. Así é como son os procedementos administrativos, outra cousa son os debates que poidamos ter no seo do Pleno da Corporación.

Pero en definitiva, Sra. Alcaldesa, non vou botar man do refrán que di aquilo de "visteme a modiño que teño moita présa". Todos temos moita présa, ninguén quere que se paralice a actividade municipal, pero queremos que esta se dea cos pasos axeitados que nos dean seguridade.

Nós engadímonos a todas as peticións do resto dos Grupos e queremos que esta cidade progresa ¿cómo non o imos querer? É a nosa finalidade e a súa na función pública, coma así o manifestou. Nos principios xerais estamos todos de acordo, o problema dáse cando os levamos á práctica e introdúcense prácticas de eficacia. É aí onde discrepabamos.

Non queremos converter isto nun debate xurídico. Dicía o Sr. Soto que sempre hai informes xurídicos pero uns teñen máis rigor e nos dan máis seguridade que outros. Temos que botar man, porque é a nosa base, daqueles que nos dean máis seguridade e que nos fagan respectar os principios de legalidade. Ogallá neste caso sexa así. Non sabe vostede, Sra. Alcaldesa, as ganas que temos de que teña vostede razón, non o maxina vostede. Se

alguén coida que queremos sacar beneficio do desastre ou do erro, equivócase. Queremos sacar beneficio do seu éxito coma alcaldesa e sentirémonos moi honrados como cidadáns e como Grupo municipal colaborando para que vostede teña éxito. Ogallá que a sociedade que está vostede poñendo en marcha e para a que pide o noso apoio, colaboración e votos redunde en éxitos para a cidade. Se iso é así acertará vostede e nós tamén. Vexa o que lle dicimos coma unha axuda. Non vexa vostede nos muiños nada máis que un muiño. Non vexa vostede máis que un espírito de colaboración que é o que rexe as nosas actuacións, unhas veces enfrontadas ás súas opinións e outras a favor. Neste caso a favor con cautelas.

SRA. ALCALDESA: Eu quería comezar coas verbas do Sr. Soto porque as fago miñas.

Realmente o que imos votar é un convenio marco. É poñer a primeira pedra para unha serie de actuacións na cidade de Vigo. A partir daqui formarase esa comisión e será a sociedade que fagamos entre todos a que vai decidir sobre, por exemplo, quen vai pertencer ó Consello de administración e adiántolle que pola nosa parte non hai ningún problema en que estean representados todos os Grupos. Eu só pretendo que todo o que imos facer a partir de agora -é o meu compromiso- farase con luz e taquígrafos. Eu quero mirar cara o futuro e non ó pasado.

Quérolle xa adiantar ó Sr. Voceiro do Bloque Nacionalista Galego que estamos traballando nese convenio do Casco Vello no que está Zona Franca, Xunta e Concello e pasará pola Xunta de Goberno, pero lles convocarei a unha Xunta de Voceiros porque sabemos que a forma e a fórmula áxil de xestión será a través dunha sociedade das mesmas características que as que hoxe traemos.

Non quero ser reiterativa na contestación porque coido que xa contestei antes, Sr. Pérez Mariño, pero con toda humildade pola miña parte, pero tamén con toda contundencia lle podo asegurar que Vigo ten présa e que estou segura que estamos a facer as cousas con toda a seguridade xurídica. Sabe tamén da miña boa vontade porque cando vostede me chamou o venres fixen esa consulta, consulta que non ma puideron mandar por escrito porque non lles deu tempo pero eu asegúrolle que a min me serve. Os únicos informes que son preceptivos son os do Concello de Vigo e do que non podemos falar é de que uns informes teñen máis rigor ca outros. Para min os informes que teñen rigor son os preceptivos deste Concello.

Coido que nin vostede nin eu somos funcionarios, dedicámonos á política e nese marco debemos traballar por Vigo.

Asegúrolle que eu non me pretendo poñer ningunha medalla. Coido que a participación está patente en todas as actuacións que estamos facendo dende o Goberno; o diálogo e as gañas de participación de todos e así o traemos, non son verbas. Montaremos todas as comisións que fagan falla porque queremos que o Vigo do futuro se faga coa participación de todos e que os sós éxitos sexan para a cidade de Vigo, non para ningunha persoa nin ningún partido. Eses serán os nosos mellores éxitos: os de Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo que ten como fin a constitución dunha sociedade mercantil que terá por obxecto a execución de determinadas obras de urbanización, a explotación e xestión de diversos servicios públicos municipais (aparcadoiros públicos) e actividades culturais e turísticas, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Constituir, co obxecto de que se redacte a Memoria que se menciona no art. 97 do TRRL e se proceda a xustificar a oportunidade e conveniencia da decisión a adoptar, unha Comisión Técnica integrada por catro membros corporativos a designar por cada un dos catro grupos políticos municipais e catro funcionarios municipais a designar pola Alcaldía tras a súa consulta coa Xunta de Voceiros.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA A CONSTITUCIÓN DE SOCIEDADE MERCANTIL.

En Vigo, a de de 2004.

REUNIDOS:

Dunha parte, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. Pablo Egerique Martínez, Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca.

Interveñen en razón dos cargos que ámbolos dous ostentan, representando ás respectivas institucións en nome das que actúan e con

capacidade e lexitimación.

EXPOÑEN:

I.- Que con data 28.10.2002 as Institucións neste acto representadas asinaron un protocolo de colaboración cuio obxecto é o "establecemento das bases de colaboración futura entre o Concello de Vigo, para o desenvolvemento urbanístico, socioeconómico e cultural da cidade de Vigo", todo isto no marco das previsións do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Protocolo, que se incorpora ó presente documento como Anexo I, estableceuse, con carácter aberto, para o desenvolvemento e execución das determinacións do futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal que requirisen dunha intervención pública para a súa xestión e para actuacións de desenvolvemento de dotacións urbanísticas, culturais e turísticas. Previase que cada unha de tales actuacións, serían obxecto de "convenios específicos".

II.- Que o Protocolo na súa estipulación segunda, establece como obxectivos prioritarios que requiren intervención pública: "As actuacións en materia de recuperación, remodelación e revitalización de áreas urbanas". Como actuacións previstas, cítanse na súa estipulación terceira as seguintes:

- a) Rehabilitación e revitalización da área coñecida como "Centro de Vigo".
- b) A colaboración no desenvolvemento e planificación de aparcadoiros na cidade que en interese común se desenvolvan.
- c) Calquera outra de interese xeral que o Concello e o Consorcio, de mutuo acordo, conveñan no futuro.

Así mesmo, un dos compromisos asumidos polo Consorcio da Zona Franca é o de colaborar técnica e economicamente, dentro dos límites dos seus orzamentos, na realización dos proxectos, planes e programas que se deriven dos acordos previstos no Protocolo ou se desenvolvan en convenios específicos que se outorguen en execución daquel.

III.- Que en virtude ós ditos acordos previos, as partes conveñen establecer as bases de colaboración para as seguintes actuacións:

- a) Ante os importantes eventos a celebrar na cidade nos próximos meses como son a saída da Volta ó Mundo de Vela -"Volvo Ocean Race"- e o ano Xacobeo 2004, e en aras á súa inmediata execución, proceder a programar e definir as actuacións enmarcadas nos ámbitos da rehabilitación e revitalización prioritarios que o Concello determine.
- b) Planificación, construción, xestión e explotación de servizos públicos municipais de interese xeral entre os que se inclúen os aparcadoiros públicos urbanos subterráneos que pola súa ubicación, estratexia e financiación requiren dunha xestión común xa sexa esta referida ás existentes concesións que se rescaten ou conclúan, como as que se proxecten ou programen no futuro e o Concello considere conveniente a súa xestión común mencionada.

- c) Planificación, xestión e execución das actuacións culturais e turísticas que redunden nunha maior difusión e desenvolvemento da cidade e que o Concello considere adecuado xestionar conxuntamente.
- d) Crear o instrumento xurídico axeitado para a execución, xestión, prestación de servizos e comercialización das actuacións previstas neste convenio.

En base ó exposto e, en desenvolvemento do citado Protocolo, as partes intervincentes acordan subscribir este CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN económica, técnica e administrativa ó abeiro do disposto nos arts. 57 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, todo isto co fin de acadar a execución das actuacións e proxectos citados ata levalas a efecto e constituir a sociedade mercantil que xestione e explote os servizos e actividades que a continuación se citan. Para tales propósitos establécense as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e ámbito do convenio.

É obxecto do presente convenio o establecemento das bases e condicións para a colaboración das dúas Institucións asinantes nas actuacións urbanas referidas á dinamización socioeconómica, desenvolvemento, recuperación, remodelación e revitalización da área urbana prioritaria que o Concello determine, así como a fixación dos principios sobre os que ámbalas dúas Institucións se comprometen a constituir unha sociedade mercantil de responsabilidade limitada que teña por obxecto, ademais do anteriormente indicado, a xestión común da planificación, execución e desenvolvemento dun proxecto de aparcadoiros públicos urbanos, a planificación e desenvolvemento de actuacións culturais e turísticas.

SEGUNDA.- Ámbito das actuacións previstas.

A) A rehabilitación e revitalización da área urbana coñecida como "Centro de Vigo"; comprende calquera ámbito urbano que o Concello determine como prioritario.

B) A planificación, execución e xestión do proxecto de aparcadoiros públicos urbanos, comprenderá os actualmente proxectados (Jenaro de la Fuente, Villa Laura e Areal) e outros existentes subterráneos que, razóns de interese xeral avaliadas polo Concello, recomenden unha xestión a través dunha organización común.

C) As actuacións socio-turísticas comprenden a programación e xestión de instrumentos publicitarios, actos culturais e proxectos de desenvolvemento turístico que o Concello estime conveniente xestionar en común.

TERCEIRA.- Comisión de Seguimento.

Acórdase a constitución dunha Comisión Paritaria para o control, seguimento e execución do presente convenio.

A Comisión estará integrada por catro membros, dous en representación do Concello e dous en representación do Consorcio, que serán designados

dentros dos catro días seguintes á sinatura deste documento pola Alcaldía-Presidencia e polo Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

CUARTA.- Sociedade Mercantil.

1.- Sen prexuízo de recoñecer que a participación do Consorcio da Zona Franca de Vigo mencionada nos apartados anteriores implica a colaboración nunha competencia de interese público compartida por ámbolos dous entes, as partes asinantes, ós efectos do presente convenio, e ó abeiro do previsto no art. 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, acordan constituir unha organización común baixo a forma de sociedade mercantil de responsabilidade limitada para a xestión dos servizos públicos citados, na que a participación do Concello no capital social inicial será como máximo a súa terceira parte. O procedemento para a súa constitución será o establecido no art. 97 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1985, do 16 de abril, e concordantes. A tal efecto o Pleno do Concello comprometerase a crear unha Comisión na que, sen prexuízo do persoal técnico idóneo, estarán así mesmo presentes a totalidade dos grupos políticos municipais mediante os membros corporativos que designen, debendo a dita comisión avaliar a conveniencia e oportunidade do dito modo de xestión.

2.- O obxecto social referirase, entre outros, ós seguintes servizos e actividades públicos:

- A) Execución e intervención na mellora e remodelación de vías e espazos urbanos, incluíndose neste apartado as actuacións de rehabilitación e revitalización a que se refire o apartado A) da Estipulación Segunda.
- B) Actividade de aparcadoiros públicos: comprenderá a planificación, construción e explotación de aparcadoiros públicos urbanos que pola súa ubicación, estratexia e interese xeral, requiran unha xestión común, entre os que se inclúen, entre outros posibles de programación futura, os xa previstos nas rúas Jenaro de la Fuente, Villa Laura e Areal e os xa existentes cujas concesións se rescaten ou conclúsen, sempre e cando ó Concello, razóns de interese xeral recomenden, respecto destes, unha xestión a través dunha organización común.
- C) Actividades relacionadas coa planificación, promoción, impulso e explotación de servizos e actividades culturais e turísticas de carácter público municipal referidas a aquelas que o Concello considere conveniente xestionar conxuntamente.
- D) Aquelas outras actividades que, durante a tramitación dos oportunos procedementos para a constitución da sociedade se consideren convenientes para ámbalas dúas partes.

3.- Organización.

Dita sociedade estará rexida por un consello de administración, cujos membros serán designados polo Pleno do Concello e o Consorcio nun número proporcional ás súas respectivas participacións sociais, respectando os principios de xestión compartida e de observancia da autonomía local. O Consello designará un xerente ou director que será o responsable administrativo e financeiro da sociedade.

Os rendementos netos que anualmente poida obter esta sociedade pública, repartiranse entre os socios en proporción directa á participación de cada un no capital social ou ás aportacións efectivas que para cada exercicio realicen os socios.

En calquera caso, dado o carácter municipal dos servicios a xestionar, os estatutos da futura sociedade, sexa cal sexa a participación do Concello, contemplarán a necesidade do voto favorable dos representantes municipais para a adopción de determinados acordos, tales como aumento ou redución do capital, transformación, disolución ou fusión da sociedade, modificación dos seus estatutos, concertación de operacións de crédito e aprobación das contas e balance. Así mesmo os estatutos mencionarán os acordos que en todo caso han de ser sometidos a informe preceptivo e previo dos servicios e órganos municipais ou á fiscalización da Intervención municipal.

A sociedade, como xestora de servicios públicos, adoptará nas súas relacións coa Administración municipal unha posición semellante á do concesionario de servicios públicos de conformidade co previsto no art. 182 do RGCAP.

4.- Capital social: suscripcións e aportacións.

O capital social inicial establécese na contía mínima de 9 millóns de euros que será subscrito e desembolsado na súa totalidade no acto constitutivo polo Concello de Vigo (3.000.000 de euros) e polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (6.000.000 de euros).

5.- Reversión.

En todo caso os Estatutos sociais fixarán un prazo determinado de vixencia da sociedade a constituir que sexa apto para a amortización da inversión prevista e sinalarán que ó termo do mesmo as distintas obras e construcións en donde se presten servicios públicos municipais (aparcadoiros) revertirán, na liquidación societaria, integramente ó Concello de Vigo nun estado de conservación e funcionamento axeitado. No acordo liquidador a reversión respecto ós bens citados non será compensable con outros dereitos.

QUINTA.- Obras e actuacións previas.

En virtude dos eventos anteriormente sinalados ("Volvo Ocean Race" e Xacobeo 2004) as partes asinantes conveñen en recoñecer a urxencia e interese xeral da execución das obras de remodelación e recuperación mencionadas no apartado A) da Estipulación Segunda. A tal efecto o Consorcio da Zona Franca de Vigo, á sinatura deste documento e durante o proceso de constitución da sociedade, comprométese a redactar e executar aqueles proxectos técnicos prioritarios que determine o Concello. Os proxectos, que serán aprobados polo órgano municipal competente, constarán de memoria descriptiva das obras (pavimentación, beirarrúas, axardinamentos, mobiliario urbano, sinalización e seguridade vial), plano de situación debidamente referenciado, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos e orzamento, de tal xeito que a dita documentación será suficiente para proceder á contratación e execución das ditas obras.

Sen prexuízo das obras que nun futuro execute a sociedade mercantil, a contratación e adxudicación das obras mencionadas corresponderá ó Consorcio da Zona Franca. Na dirección das mesmas participará persoal técnico municipal.

As cantidades, que en virtude do exposto, sexan anticipadas e satisfeitas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (redacción de proxectos e execución de obras) serán recoñecidas pola sociedade a constituir como dereito de crédito a favor do Consorcio no pacto de partícipes que se subscriba con ocasión da creación da sociedade.

Na hipótese ou na eventualidade que a sociedade mencionada non se constitua, as cantidades anticipadas serán reintegradas ó Consorcio, por compensación, contra pagamentos de liquidacións tributarias esixibles ó Consorcio con motivo de obras realizadas polo mesmo ou por tenencia de bens inmoables dentro do termo municipal.

SEXTA.- Convenio anterior.

As partes asinantes acordan deixar sen efecto, na data en que se constitua a sociedade mercantil á que se refire o presente documento, o convenio marco aprobado polo Concello Pleno na súa sesión do 29 de outubro de 2001, referido á construción e explotación de aparcadoiros na cidade de Vigo.

SETIMA.- Aprobación.

O presente convenio, para os seus plenos efectos, deberá ser aprobado polos órganos plenarios do Concello e do Consorcio.

OITAVA.- Prazo de vixencia.

O presente convenio manterá a súa vixencia ata que se produza o total cumprimento das finalidades e obxectivos nel establecidos.

NOVENA.- Réxime xurídico.

Este convenio de colaboración estará excluído da aplicación do TRLCAP conforme ó seu artigo 3.1.c) e o seu contido será xestionado, de xeito conxunto, polos organismos asinantes baixo a forma de sociedade mercantil segundo o disposto no artigo 6.5 da LXPAC. Seralle de aplicación o previsto na Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e no RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, así como o indicado supletoriamente na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN no lugar e data arriba indicados.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dezaoito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do

Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-
Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.